



### CONCELLOS

#### ALFOZ

##### Anuncio

Por medio da presente , e de conformidade co artigo 75 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, faise público o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria de data trece de xullo de dous mil vintetrés:

**PRIMEIRO.-** Os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial percibirán asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións do Pleno da Corporación pola cuantía de 60 euros por sesión. Non serán acumulativas de celebrarse na mesma xornada distintas sesións plenarias.

**SEGUNDO.-** Aprobar o réxime de indemnización por GASTOS DE VIAXE , por kilometraxe para os gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo dos membros da Corporación , aplicándose a cantidade de 0,19 euros/km para automóviles referido ó uso de vehículo particular, máis os gastos efectivamente ocasionados polo pago de peaxes e parking.

Os presentes gastos xustificaranse mediante a presentación da correspondente declaración responsable que indicará , como mínimo: concelleiro, lugar de orixe, lugar de destino, hora e día de saída , hora e día de regreso, número de kilómetros percorridos co vehículo particular ( ida e volta), xestión realizada ( contido e organismo ) , adxuntando, no seu caso, os correspondentes recibos de parking e peaxes, e podendo adxuntar canta documentación xustifique a realización da xestión ( por exemplo, exemplar da convocatoria)como acreditativa da súa realización ( por exemplo, noticia en prensa).

Caso de traslado en taxi, aboarase a factura que, en cada caso, se emita e fora previamente abonada polo Concelleiro e así quede acreditado.

Non se establece indemnización por kilometraxe pola realización de xestións dentro do término municipal .

**TERCEIRO.-** Aprobar o réxime de indemnizacións por gastos de MANUTENCION E ALOXAMENTO efectivamente ocasionados polo ós Sr. Concelleiros, quedando establecida como segue:

- Dieta por manutención simple (comida e/ou cea): Por cada comisión de servizo ou desprazamento fora do término municipal por razón do cargo, con saída do núcleo urbano de Alfoz antes das trece ( 13:00) horas e regreso despois das dezasete (17:00) , e/ou saída despois das dezasete (17:00)horas e regreso despois das veintitrés horas( 23:00) , a cantidade máxima de cincuenta euros (50,00 €) .

A xustificación do referido gasto efectuarase mediante declaración responsable na que se indique, como mínimo: Concelleiro, lugar de orixe, lugar de destino, hora e día de saída , hora e día de regreso, xestión realizada ( contido e organismo ) , adxuntando, en todo caso, orixinal da factura nominativa emitida polo establecemento de hostelería con xustificante do seu pagamento.

Únicamente será obxecto de abono a cantidade efectivamente abonada e así acreditada, hasta a cantidade máxima de 50 euros por comisión de servizo. No caso de que a factura teña un maior importe, será por conta do Concelleiro a diferenza.

- Dieta por aloxamento: Cando a comisión de servizos teña unha duración superior a 24 horas que conleve a obriga de pernocta fóra do termo municipal en establecemento hosteleiro, se establece a cantidade máxima de 200 euros por noite. (200,00 euros).

A xustificación do referido gasto efectuarase mediante declaración responsable a modo de conta xustificativa referida no anterior apartado, á que deberá de incorporarse documentación xustificativa do gasto do aloxamento , en todo caso, factura nominativa a cargo do concelleiro correspondente así como xustificación do seu abono , e que poden vir acompañadas de canta documentación xustifique a realización da xestión ( por exemplo, exemplar da convocatoria)como acreditativa da súa realización ( por exemplo, noticia en prensa).

**CUARTO.-** Prestar aprobación ao modelo de declaración responsable ou conta xustificativa aplicable ao réxime indemnizatorio aprobado:

## "DECLARACION RESPONSABLE

## CONTA DE GASTOS XUSTIFICATIVA

Nome ,apelidos e cargo:

1. Que no exercicio do meu cargo realicei unha comisión de servizo fora do Concello de Alfoz , con dereito a indemnización,que a continuación se describe:
2. Descripción da Comisión:
3. Reunión en \_\_\_\_\_
4. con \_\_\_\_\_
5. para tratar de asuntos\_\_\_\_\_.

De	A	Km	Dieta
Alfoz			
Ida día	Ida hora	Volta día	Volta hora
Dd/mm/aaaa	Hh:mm	Dd/mm/aaaa	Hh:mm

6. Que aos efectos de proceder ao seu abono, presento a seguinte conta de gastos:

Gastos de locomoción	Km: xxx x 0.19€/km	= Xx,xx euros
Dieta	Tipo	Importe
Outros gastos:	Tipo _ Peaxe _ Parking _ Taxi	Importe
TOTAL		

## 7. Documentación Anexa:

- \* Factura n.º :\_\_\_\_\_ emitida por \_\_\_\_\_ en data \_\_\_\_\_ por importe de \_\_\_\_\_ .
- \* Xustificación de abono da factura:
  - Xustificante cargo tarxeta bancaria
  - Xustificante pagamento por transferencia bancaria.
  - Lenda na factura de "pagado" .
- \* Tiquet parking/peaxe.
- \* Convocatoria, citación ou invitación, outros....
- \* Publicidade, certificado de asistencia, outros...

E para que conste aos efectos oportunos, asino a presente declaración responsable en Alfoz,a \_\_\_ de\_\_\_ de 20\_\_\_\_. Asdo:\_\_\_\_\_."

QUINTO Que se publique no *Boletín Oficial da Provincia* de forma íntegra o presente Acordo, aos efectos do seu xeral coñecemento, así como no portal de transparencia da corporación.

Alfoz, 14 de xullo de 2023.- A Alcaldesa, Efigenia Maseda Paz .

R. 2300

**BEGONTE***Anuncio*

O Pleno desta Corporación Municipal, na sesión extraordinaria de data 13 de xullo de 2023, adoptou o seguinte acordo sobre a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno:

Que o Pleno do Concello celebre as súas sesións ordinarias cada dous meses: Os meses impares, o 3º venres ás 11,30 horas. A sesión do mes de xullo, por razóns vacacionais, adiantarase ao 2º venres á mesma hora.

Se o día sinalado para celebrar a sesión ordinaria fose festivo, a sesión celebraríase o 1º día hábil seguinte non coincidente a sábado.

Por razóns excepcionais a data poderá ser modificada previo acordo dos voceiros dos grupos municipais.

O que se fai público para xeral coñecemento

Begonte, 13 de xullo de 2023.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 2301

*Anuncio*

O Pleno desta Corporación Municipal, na sesión extraordinaria de data 13 de xullo de 2023, adoptou o seguinte acordo sobre a creación e composición das comisións informativas permanentes:

**Primeiro.-** Creación da Comisión Informativa Especial de Contas, coa seguinte composición:

**Presidente:** O Alcalde- Presidente da Corporación.

**Vogais:** 3 representantes do Grupo Municipal Partido Popular e 1 representante do Grupo Municipal Mixto.

Os grupos designarán a través de escrito dos seus voceiros dirixido ao sr. Alcalde os nomes destes representantes, podendo designarse un suplente por cada titular.

**Segundo.-** As sesións ordinarias da Comisión Especial de Contas celebraranse con periodicidade anual para o ditame da Conta Xeral e demais procedentes nos termos da Lei, no día e hora que sinale o sr. Presidente.

Begonte, 13 de xullo de 2023.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 2302

*Anuncio*

O Pleno desta Corporación Municipal, na sesión extraordinaria de data 13 de xullo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro.-** A creación da Xunta de Goberno Local.

**Segundo.-** Que as sesións ordinarias desta Xunta de Goberno Local, se celebren coa seguinte periodicidade: Quincenal, o 2º e 4º mércores do mes, ás 13,30 horas.

Nos meses de xullo e de agosto, por mor das vacacións do persoal, poderá ser obxecto de modificación.

Se o día sinalado para celebrar sesión ordinaria fose festivo, a sesión celebrarase o 1º día hábil seguinte non coincidente a sábado.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Begonte, 13 de xullo de 2023.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 2303

*Anuncio*

Dando cumprimento ao disposto no art. 51.2 do Real Decreto 2.568/1.986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, faise público o acordo do Pleno desta Corporación Municipal de data 13 de Xullo de 2023, de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local, nos seguintes termos:

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local todas as atribucións do Pleno que sexan delegables por Lei : Así , as previstas expresamente no artigo 22. 2. letras j), k), m), ñ), q). , da dita Lei 7/1.985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local :

**j).-** O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.

**k).-** A declaración de lesividade dos actos do concello.

**m).-**A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada , dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento – agás as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por 100 dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior – todo elo de conformidade co disposto na Lei reguladora das Facendas Locais.

**ñ).-**A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estén previstos nos orzamentos.

**q).-**As demais que expresamente lle confiran as leis e que non esixan para a súa aprobación unha maioría especial.

Delegar así mesmo as competencias do Pleno en materia de contratación susceptibles de selo, nos termos establecidos na Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Segundo.- A delegación de competencias refírense, en tódalas materias delegadas, tanto a competencia para dictar actos de trámite como actos resolutorios sobre o fondo do asunto e que afecten a terceiros. Nestes supostos os acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local poñerán fin á vía administrativa.

Terceiro.- O exercicio das competencias delegadas farase de conformidade con canto se estableza na lexislación de aplicación e co réxime xeral previsto no regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais.

Cuarto.- Este acordo deberá ser obxecto de publicación no seu momento na sede electrónica ou páxina web da Entidade Local, co fin de dar cumprimento ás obrigas de publicidade previstas no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno

Begonte, 13 de xullo de 2023.- O alcalde, José Ulla Rocha.

R. 2304

### Anuncio

Dando cumprimento ao disposto no art. 75.5, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, faise público que polo Pleno desta Corporación Municipal, na sesión extraordinaria de data 13 de Xullo de 2023, adoptouse o seguinte acordo sobre determinación das retribucións, asistencias e indemnizacións dos membros da Corporación:

#### **I.- RETRIBUCIÓN: DETERMINACIÓN DOS CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA OU PARCIAL.**

O artigo 75.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, establece que os membros das Corporacións Locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas , en cuxo caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social.

O art. 75.bis desa Lei 7/85, de 2 de abril, fixa os criterios ou límites a estas retribucións dos membros da corporación local en función da poboación do municipio, que no casos dos de 1.000 a 5.000 habitantes é actualmente de 46.464,02 €. (Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023).

En definitiva, esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello, o seguinte acordo :

Primeiro.- Establecer as seguintes dedicacións e nas contías que se citan:

- **Dedicación Exclusiva** a prol da Alcaldía: Retribución bruta de 45.990,00 €/ano, distribuídas en 3.285,00 €/mes e 14 pagas (12 ordinarias + 2 extraordinarias de xuño e decembro).
- **Dedicación exclusiva** a prol do 1º Tenente de Alcalde e Delegado Xeral da Alcaldía, D. Luis Luaña Castelo: Retribución bruta de 32.200,00 €/ano, distribuídas en 2.300,00 €/mes e 14 pagas (12 ordinarias + 2 extraordinarias).
- **Dedicación parcial do 25%** a prol da concelleira-delegada Dna. Ruth Couso Geda: Retribución bruta de 9.030,00 €/ano, distribuídas en 645,00 €/mes e 14 pagas ( 12 ordinarias e 2 extraordinarias).

Segundo.-

A retribución establecida devengarase no presente exercicio, con efectos retroactivos do día 1 de xullo de 2023, sendo actualizada anualmente e con efectos do primeiro de xaneiro de cada exercicio, nun importe igual ao que

se estableza no seu caso nos orzamentos xerais do Estado como incremento das retribucións do persoal e sen superar en ningún caso os límites anuais establecidos para os cargos electos.

Terceiro.- Publíquese este acordo nos lugares e na forma prevenida polo artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e no art. 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

## **II.- DETERMINACIÓN DAS INDEMNIZACIÓNS E ASISTENCIAS AOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

O art. 75.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, establece que só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, na contía sinalada polo Pleno.

Por outra parte, o artigo 75.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, establece que os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobe o Pleno corporativo.

En consecuencia, propoño ao Concello o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Establecer con efectos do día seguinte ao do acordo plenario en que se aproben, as seguintes asistencias e indemnizacións ( gastos de locomoción e dietas ):

1º.- ASISTENCIAS: Os señores concelleiros que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial, recibirán pola asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, as seguintes indemnizacións por sesión:

- Pleno da Corporación: 140 euros/sesión.
- Xunta de Goberno Local: 200 euros/sesión.
- Comisións Informativas permanentes ou especiais: 80 euros/sesión.

No suposto de que coincidan na mesma data varias sesións, somentes se devengará indemnización pola asistencia á sesión polo que se establece unha indemnización de maior contía.

2º.- GASTOS DE LOCOMOCIÓN: O Sr. Alcalde-presidente, e os señores concelleiros recibirán pola asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, cando a súa residencia estea fixada fora da capitalidade do Concello e empreguen no seu desprazamento vehículo propio, a cantidade de 0,30 euros por kilómetro percorrido.

Igual indemnización recibirá o sr. Alcalde- Presidente, os concelleiros delegados e concelleiros sen delegación, nos supostos de desprazamentos en vehículo propio, para o desenvolvemento das tarefas inherentes ao cargo, tanto dentro do termo municipal coma fóra do mesmo.

3º.- INDEMNIZACIÓNS: Os señores Concelleiros e o sr. Alcalde - Presidente recibirán as indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio dos seus cargos nas seguintes contías : Os gastos de aloxamento e/ou manutención debidamente xustificadas.

Segundo.- A xustificación das indemnizacións farase mediante a presentación dos seguintes documentos:

- a).- Declaración responsable do membro da corporación na que figurará o día, hora de saída e chegada, lugar, motivo do desprazamento e vehículo no seu caso empregado.
- b).- Presentación da factura correspondente.

Terceiro.- Publíquese na forma prevenida polo artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 7 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no art. 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Begonte, 13 de xullo de 2023.- O alcalde, José Ulla Rocha.

R. 2305

### *Anuncio*

O Pleno desta Corporación Municipal, na sesión extraordinaria de data 13 de xullo de 2023, adoptou o seguinte acordo sobre a asignación económica aos grupos políticos municipais:

- Cantidade fixa de 40 €/ mes, por Grupo.
- Cantidade variable: 60 €/ mes, por Concelleiro.

Os efectos económicos do presente acordo se producirán a partir do 1 de xullo de 2023

O que se fai público para coñecemento xeral.

Begonte, 13 de xullo de 2023.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 2306

---

*Anuncio*

O Pleno desta Corporación Municipal, na sesión extraordinaria de data 13 de xullo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Recoñecer a D. José Ulla Rocha, Alcalde-Presidente do Concello de Begonte, a compatibilidade da dedicación exclusiva como cargo electo co exercicio da actividade profesional de veterinario por conta propia, por entender que non impide o estricto cumprimento dos deberes da Alcaldía nin compromete a súa imparcialidade e independencia, e que non lle afecta ningunha das circunstancias que fan incompatible o exercicio de actividades privadas recollidas nos artigos 1.3, 11 e 12, da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

Segundo.- Notificar o acordo adoptado ao interesado, que deberá presentar a oportuna declaración sobre recoñecemento de compatibilidade para a súa inscrición no Rexistro de Intereses correspondente e proceder á súa publicidade nos termos legalmente establecidos.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Begonte, 13 de xullo de 2023.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 2307

---

CASTROVERDE

*Anuncio*

Que por resolución de alcaldía de data día 12 de xullo de 2023 , ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xuño de 2023 , e exponse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 13 de xullo de 2023.- O alcalde, Xosé María arias Fernández.

R. 2308

---

*Anuncio*

Que por resolución de alcaldía de data día 12 de xullo de 2023 , ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xuño de 2023 , e exponse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 13 de xullo de 2023.- O alcalde, Xosé María arias Fernández.

R. 2309

---

FOZ

*Anuncio*

**Organización e funcionamento do Concello de Foz**

Por Resolución de Alcaldía núm. 2023-0621 de data 13 de xullo de 2023, ditouse o seguinte acordo que a continuación se transcribe:

**Expte. 1337/2023**

**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

O artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local establece o réxime xurídico dos dereitos económicos dos membros do Concello sobre a base dunha dobre distinción:

a) Dunha parte, entre aquelas materias cuxa decisión corresponde ao Pleno, en concreto, a determinación daquelas funcións representativas cuxo desempeño, por razóns de dedicación e responsabilidade, comporta a aplicación dos réximes de dedicación exclusiva ou de dedicación parcial, das retribucións correspondentes aos mesmos, da dedicación mínima esixida para a súa percepción nos supostos de dedicación parcial así como a fixación do importe das asistencias, e aquelas outras cuxa competencia recae na Alcaldía, en particular, a asignación dos réximes de dedicación exclusiva e de dedicación parcial aos membros do Concello aos que corresponda, dando conta ao Pleno.

b) Doutra parte, entre tres modalidades de dereitos económicos que constitúen un *numerus clausus*: retribucións polo exercicio de funcións en réxime de dedicación exclusiva ou de dedicación parcial, asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións os órganos colexiados de goberno que as teñan previstas, e indemnizacións polos gastos efectivos, documentalmente xustificadas e ocasionados no desempeño das súas funcións representativas, de conformidade co previsto na normativa sobre indemnizacións por razón do servizo e na que no seu desenvolvemento aprobe o Pleno.

Vista a parte dispositiva do acordo acadado na sesión de pleno celebrada o 07 de xullo de 2023 en atención ao exposto,

#### RESOLVO

**PRIMEIRO.** Modificar a asignación aos membros do Concello nos termos que a continuación se relacionan, atendendo á dedicación e responsabilidade das funcións representativas encomendadas aos mesmos, os réximes de dedicación seguintes de entre os establecidos mediante acordo de Pleno, do 07 de xullo e conforme ás condicións establecidas no mesmo e na lexislación vixente:

- D<sup>a</sup> Francisco Cajoto Caserío, en réxime de dedicación parcial na súa condición de Alcalde ao 25% por importe de 11.980,29 €.
- D<sup>a</sup> Inés López Couto, en réxime de dedicación parcial ao 50% na súa condición de 2<sup>a</sup> Tenente de Alcalde, por importe de 23.960,58 €.
- D<sup>a</sup> Zoraida Coira Vázquez, en réxime de dedicación parcial ao 50% na súa condición de 2<sup>a</sup> Concelleira delegada en Educación, xuventude e normalización lingüística, por importe de 23.960,58 €.
- D/D<sup>a</sup> Ana Matea Rojo Eijo, en réxime de dedicación parcial ao 50% na súa condición de Concelleira delegada en Servizos Sociais e Benestar, Inclusión e Inmigración, por importe de 23.960,58 €.
- D/D<sup>a</sup> Ángel Fernández Neira, en réxime de dedicación parcial ao 25% na súa condición de Terceiro Tenente de Alcalde e Concelleiro delegado en Servizos Públicos (inclúe abastecemento, alumeados, parques e xardíns e limpeza viaria) e Festa., por importe de 11.980,29 €.

**SEGUNDO.** Establecer como data de efectos das asignacións previstas no pronunciamento anterior a de sinatura do presente decreto de Alcaldía.

**TERCEIRO.** Notificar este decreto aos interesados, para o seu coñecemento e aceptación, considerándose aceptada tacitamente salvo manifestación expresa en contrario no prazo de tres días hábiles

**CUARTO.** Dar traslado deste decreto ao Departamento de Persoal e á Intervención municipal.

**QUINTO.** Publicar este decreto no taboleiro de anuncios electrónico; no portal de transparencia, así como o extracto dos nomeamentos e delegacións efectuadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Foz, 13 de xullo de 2023.-O Alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 2310

## LOURENZÁ

### Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 44 e 46 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, faise público a Resolución da Alcaldía: " SOBRE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE" de data 30/06/2023:

**" RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA REFERENTE A NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE.D<sup>a</sup>. ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LOURENZÁ, PROVINCIA DE LUGO.** Vista a celebración das eleccións municipais o día 28 de maio de 2023 e procedéndose o día 17 de xuño de 2023 á constitución da nova Corporación Local. En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.2 e 23.3 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, de conformidade co disposto no artigo 61.2 da Lei 5/97 do 22 de xullo de Administración Local en Galicia, e nos artigos 46 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, corresponde ó Alcalde/sa designar libremente ós Tenentes de Alcalde/sa e polo tanto

**VEÑO EN DISPOÑER:**

**Primeiro.-** Designar como **1º Tenente de Alcalde** a D. Javier Huertas Otero, como **2º Tenente de Alcalde** a D. Manuel Arango Ron e como **3º Tenente de Alcalde** a D<sup>a</sup>. Mercedes Dengra Sixto.

**Segundo.-** Os citados Tenentes de Alcalde substituirán na totalidade das súas funcións ó Titular da Alcaldía nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite este para o exercicio das súas atribucións, na orde de designación .

**Terceiro.-** Notificar persoalmente a presente resolución ós designados que se considerará aceptada tacitamente salvo manifestación expresa en contra.

**Carto.-** Publicar no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da sinatura da resolución pola Alcaldía.

**Quinto.-** A dación de conta ó Pleno Municipal na primeira sesión que se celebre.

Mando e asino en Lourenzá, a Alcaldesa, Doña Rocío López García. Pola Secretaría tomase razón para a súa transcripción ó Libro de Resolucions, ós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2. RD 128/2018, de 16 de marzo).”

Lourenzá, 14 de xullo do 2023.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 2311

**Anuncio**

De conformidade co disposto no artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, faise público a Resolución da Alcaldía **SOBRE DELEGACIÓN DE ÁREAS ESPECÍFICAS DE ACTUACIÓN**, de data 30/06/2023:

**“RESOLUCIÓN DA ALCADÍA REFERENTE A DELEGACIÓN DE ÁREAS ESPECÍFICAS DE ACTUACIÓN MUNICIPAL**

Celebradas as eleccións locais o pasado día 28 de maio do 2023 , e sen prexuízo das competencias da Xunta de Goberno Local, no seu caso, pola Alcaldía, considerando que ós efectos dunha maior eficacia na xestión dos diversos servizos municipais faise preciso un reparto de funcións e atribucións, coordinados en todo caso pola Alcaldía- Presidencia da entidade, e polo que ó abeiro do disposto no artigo 61.3 da Lei 5/1997 do 22 de xullo , de Administración Local de Galicia, artigo 21.3. e 23.4 da Lei 7/1.985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación co artigo 43,44, 45 e 51 do Real Decreto 2.568/1.986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, por esta Alcaldía , **VEÑO EN RESOLVER:**

**Primeiro.-** Delegar xenericamente a dirección interna e xestión dos servizos das áreas de traballo correspondentes, que non inclúan a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, nas seguintes materias e nos Sres. Concelleiros que se citan:

Delegación de Obras, Urbanismo, Infraestruturas, Tráfico, Comercio e Participación: D. Javier Huertas Otero.

⊞Delegación de Educación, Cultura, Normalización Lingüística e Festexos : D. Manuel Arango Ron.

⊞Delegación de Benestar Social, Sanidade, e Igualdade: D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Mercedes Dengra Sixto.

Delegación de Medio Ambiente e ⊞ Desenvolvemento Rural :D. Mario Leitón Ramallal.

⊞Delegación Xuventude e Turismo : D<sup>a</sup> Sonia Gavino Reigosa.

Delegación Deportes : D. Francisco Javier Suárez Vázquez.

**Segundo.-** Notificar persoalmente a presente Resolución ós designados que se considerará aceptada tacitamente salvo manifestación expresa, e remitir a Resolución de nomeamento ó Boletín Oficial da Provincia para a publicación no mesmo así como publicalo no Taboleiro de Anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte á sinatura da Resolución da Alcaldía.

**Terceiro.-** Dar conta ó Pleno do Concello desta Resolución na primeira sesión que se celebre.

Mando e asino en Lourenzá, a Alcaldesa, Doña Rocío López García.

Pola Secretaría tomase razón para a súa transcripción ó Libro de Resolucions, ós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2. RD 128/2018, de 16 de marzo).”

Lourenza ´ , 14 de xullo de 2023.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 2312



## LUGO

## Anuncio

**DECRETO Nº: 6022/2023 DO 30/06/2023****Excma. Sra. Dona LARA MENDEZ LÓPEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

Con data vinte e seis de xuño de dous mil vinte e tres, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo 2/349 PERSOAL EVENTUAL DO CONCELLO DE LUGO CORPORACIÓN 2023-2027.

Vista a proposta de dona Lara Méndez López, Alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo, de data 28 de xuño de 2023, de nomeamento de dona María Martínez Val, con DNI: \*\*\*2008\*\*, como persoal eventual, para o posto de Xefa/e do Gabinete da Alcaldía.

Vistas as certificacións de existencia de crédito da Tesourería municipal do 23/06/2023 nas aplicacións orzamentarias 91201.16000 e 91201.11000 do vixente orzamento municipal.

Visto Informe do Servizo de Persoal de data 30 de xuño de 2023.

Visto o informe de Intervención Nº: 2023/1073 do 30/06/2023.

Tendo en conta o anterior e de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Nomear como persoal eventual, para o posto de Xefa do Gabinete da Alcaldía, a dona MARÍA MARTÍNEZ VAL, con DNI: \*\*\*2008\*\*, que realizará as tarefas de confianza e asesoramento especial, coas seguintes funcións:

- a) asistir e asesorar a alcaldesa no exercicio das súas funcións de dirección do goberno e da Administración municipal, así como naqueloutros asuntos ou materias que esta dispoña;
- b) proporcionarlle á alcaldesa o asesoramento e a información que resulte necesaria para o desempeño das súas competencias;
- c) o seguimento dos programas, plans, obxectivos e actividades das diferentes áreas de goberno, organismos públicos e sociedades municipais coa finalidade de facilitarlle á alcaldesa a coordinación da acción do goberno;
- d) recompilar de todos os órganos do Concello canta información sexa necesaria para o cumprimento das funcións asignadas ao Gabinete de Alcaldía;
- e) coordinar, a través da Dirección de Comunicación, a acción informativa do Concello e dos organismos públicos e sociedades municipais;
- f) coordinar e supervisar as actuacións en materia de protocolo;
- g) atender persoalmente aos membros da corporación e órganos directivos en cantos asuntos lle sexan formulados para a consideración e resolución pola Alcaldía;
- h) o control da entrada e despacho de canta documentación e correspondencia se lle dirixa directamente á Alcaldía e, en especial, as comunicacións das e dos concelleiros e grupos políticos municipais e
- i) demais funcións de confianza e asesoramento especial que se lle asignen.

**Segundo.-** O réxime xurídico deste persoal eventual atópase regulado no artigo 104 da Lei de bases do réxime local, en concordancia co artigo 176 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e no artigo 12 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido do Estatuto básico do empregado público, en especial:

- queda prohibido o exercicio de funcións que impliquen a participación directa ou indirecta das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas que lle corresponden exclusivamente ao funcionariado público;

- en ningún caso, o desempeño deste posto constituirá mérito para o acceso á función pública ou á promoción interna;

- a este persoal seralle aplicable, no que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral do funcionariado de carreira;

- este persoal estará suxeito ao réxime de incompatibilidade do funcionariado público;

- a dedicación será exclusiva e no horario de traballo determinado en función das necesidades existentes.

- o seu cesamento terá lugar por resolución da Alcaldía e, en todo caso, cando se produza o de dona Lara Méndez López.

- a retribución que percibirá será de 43.901 euros brutos anuais ou, en todo caso, a que se fixe nos orzamentos do Concello para o dito posto.

**Terceiro.-** Notifíquese a presente resolución á interesada e dependencias municipais afectadas, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Excma. Sra. Dona LARA MENDEZ LÓPEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

**DECRETO Nº: 6023/2023 DO 30/06/2023****Excma. Sra. Dona LARA MENDEZ LÓPEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

Con data vinte e seis de xuño de dous mil vinte e tres, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo 2/349 PERSOAL EVENTUAL DO CONCELLO DE LUGO CORPORACIÓN 2023-2027.

Vista a proposta de dona Lara Méndez López, Alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo, de data 28 de xuño de 2023, de nomeamento de dona María Aranzazú Vázquez Iglesias con DNI: \*\*\*3550\*\*, como persoal eventual, para o posto de Responsable Director/a de comunicación do Gabinete da Alcaldía.

Vistas as certificacións de existencia de crédito da Tesourería municipal do 23/06/2023 nas aplicacións orzamentarias 91201.16000 e 91201.11000 do vixente orzamento municipal.

Visto Informe do Servizo de Persoal de data 30 de xuño de 2023.

Visto o informe de Intervención Nº :2023/1073 do 30/06/2023

Tendo en conta o anterior e de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Nomear como persoal eventual, para o posto de Responsable Directora de comunicación do Gabinete da Alcaldía, a dona MARÍA ARANZAZÚ VÁZQUEZ IGLESIAS con DNI: \*\*\*3550\*\*, que realizará as tarefas de confianza e asesoramento especial, coas seguintes funcións:

As relacionadas cos medios de comunicación e a acción informativa e en especial:

- a) facilitarlle ao grupo a súa relación cos medios de comunicación social;
- b) a preparación, programación e execución da política de comunicación;
- c) as relacións cos medios de comunicación social e
- d) o tratamento documental e arquivo das informacións sobre temas municipais aparecidas nos medios de comunicación.

**Segundo.-** O réxime xurídico deste persoal eventual atópase regulado no artigo 104 da Lei de bases do réxime local, en concordancia co artigo 176 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e no artigo 12 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido do Estatuto básico do empregado público, en especial:

- queda prohibido o exercicio de funcións que impliquen a participación directa ou indirecta das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas que lle corresponden exclusivamente ao funcionariado público;
- en ningún caso, o desempeño deste posto constituirá mérito para o acceso á función pública ou á promoción interna;
- a este persoal seralle aplicable, no que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral do funcionariado de carreira;
- este persoal estará suxeito ao réxime de incompatibilidade do funcionariado público;
- a dedicación será exclusiva e no horario de traballo determinado en función das necesidades existentes.
- o seu cesamento terá lugar por resolución da Alcaldía e, en todo caso, cando se produza o de dona Lara Méndez López.
- a retribución que percibirá será de 43.901 euros brutos anuais ou, en todo caso, a que se fixe nos orzamentos do Concello para o dito posto.

**Terceiro.-** Notifíquese a presente resolución á interesada e dependencias municipais afectadas, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Excma. Sra. Dona LARA MENDEZ LÓPEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

**DECRETO Nº: 6024/2023 DO 30/06/2023****Excma. Sra. Dona LARA MENDEZ LÓPEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

Con data vinte e seis de xuño de dous mil vinte e tres, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo 2/349 PERSOAL EVENTUAL DO CONCELLO DE LUGO CORPORACIÓN 2023-2027.

Vista a proposta de dona Lara Méndez López, Alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo, de data 28 de xuño de 2023, de nomeamento de dona M<sup>a</sup> Concepción Estévez López con DNI: \*\*\*4715\*\*, como persoal eventual, para o posto de Colaboradora/or Asesora/or do Gabinete da Alcaldía.

Vistas as certificacións de existencia de crédito da Tesourería municipal do 23/06/2023 nas aplicacións orzamentarias 91201.16000 e 91201.11000 do vixente orzamento municipal.

Visto Informe do Servizo de Persoal de data 30 de xuño de 2023.

Visto o informe de Intervención Nº: 2023/1073 do 30/06/2023

Tendo en conta o anterior e de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO**:

**Primeiro.**- Nomear como persoal eventual, para o posto de Colaboradora Asesora do Gabinete da Alcaldía, a dona M<sup>a</sup> CONCEPCIÓN ESTÉVEZ LÓPEZ con DNI: \*\*\*4715\*\*, que realizará as tarefas de confianza e asesoramento especial, coas seguintes funcións:

Servirlles de apoio e colaboración directa á Alcaldía e ao grupo de goberno, asesoramento especial, relacións institucionais, información e demais funcións que se lles asigne relacionadas coas propias de confianza e asesoramento especial.

**Segundo.**- O réxime xurídico deste persoal eventual atópase regulado no artigo 104 da Lei de bases do réxime local, en concordancia co artigo 176 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e no artigo 12 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido do Estatuto básico do empregado público, en especial:

- queda prohibido o exercicio de funcións que impliquen a participación directa ou indirecta das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas que lle corresponden exclusivamente ao funcionariado público;
- en ningún caso, o desempeño deste posto constituirá mérito para o acceso á función pública ou á promoción interna;
- a este persoal seralle aplicable, no que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral do funcionariado de carreira;
- este persoal estará suxeito ao réxime de incompatibilidade do funcionariado público;
- a dedicación será exclusiva e no horario de traballo determinado en función das necesidades existentes.
- o seu cesamento terá lugar por resolución da Alcaldía e, en todo caso, cando se produza o de dona Lara Méndez López.
- a retribución que percibirá será de 35.925 euros brutos anuais ou, en todo caso, a que se fixe nos orzamentos do Concello para o dito posto.

**Terceiro.**- Notifíquese a presente resolución á interesada e dependencias municipais afectadas, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Excm. Sra. Dona LARA MENDEZ LÓPEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

**DECRETO Nº: 6025/2023 DO 30/06/2023**

**Excm. Sra. Dona LARA MENDEZ LÓPEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

Con data vinte e seis de xuño de dous mil vinte e tres, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo 2/349 PERSOAL EVENTUAL DO CONCELLO DE LUGO CORPORACIÓN 2023-2027.

Vista a proposta de dona Lara Méndez López, Alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo, de data 28 de xuño de 2023, de nomeamento de dona M<sup>a</sup> Shirley Rodríguez Carballo, con DNI: \*\*\*4259\*\*, como persoal eventual, para o posto de Colaboradora/or Asesora/or do Gabinete da Alcaldía.

Vistas as certificacións de existencia de crédito da Tesourería municipal do 23/06/2023 nas aplicacións orzamentarias 91201.16000 e 91201.11000 do vixente orzamento municipal.

Visto Informe do Servizo de Persoal de data 30 de xuño de 2023.

Visto o informe de Intervención Nº: 2023/1073 do 30/06/2023.

Tendo en conta o anterior e de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso

das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO**:

**Primeiro.-** Nomear como persoal eventual, para o posto de Colaboradora Asesora do Gabinete da Alcaldía, a dona M<sup>a</sup> SHIRLEY RODRÍGUEZ CARBALLO, con DNI: \*\*\*4259\*\*, que realizará as tarefas de confianza e asesoramento especial, coas seguintes funcións:

Servirlles de apoio e colaboración directa á Alcaldía e ao grupo de goberno, asesoramento especial, relacións institucionais, información e demais funcións que se lles asigne relacionadas coas propias de confianza e asesoramento especial.

**Segundo.-** O réxime xurídico deste persoal eventual atópase regulado no artigo 104 da Lei de bases do réxime local, en concordancia co artigo 176 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e no artigo 12 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido do Estatuto básico do empregado público, en especial:

- queda prohibido o exercicio de funcións que impliquen a participación directa ou indirecta das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas que lle corresponden exclusivamente ao funcionariado público;

- en ningún caso, o desempeño deste posto constituirá mérito para o acceso á función pública ou á promoción interna;

- a este persoal seralle aplicable, no que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral do funcionariado de carreira;

- este persoal estará suxeito ao réxime de incompatibilidade do funcionariado público;

- a dedicación será exclusiva e no horario de traballo determinado en función das necesidades existentes.

- o seu cesamento terá lugar por resolución da Alcaldía e, en todo caso, cando se produza o de dona Lara Méndez López.

- a retribución que percibirá será de 35.925 euros brutos anuais ou, en todo caso, a que se fixe nos orzamentos do Concello para o dito posto.

**Terceiro.-** Notifíquese a presente resolución á interesada e dependencias municipais afectadas, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Excm. Sra. Dona LARA MENDEZ LÓPEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

**DECRETO Nº: 6026/2023 DO 30/06/2023**

**Excm. Sra. Dona LARA MENDEZ LÓPEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

Con data vinte e seis de xuño de dous mil vinte e tres, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo 2/349 PERSOAL EVENTUAL DO CONCELLO DE LUGO CORPORACIÓN 2023-2027.

Vista a proposta de dona Lara Méndez López, Alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo, de data 28 de xuño de 2023, de nomeamento de don Hugo Ucha Boán con DNI: \*\*\*9411\*\*, como persoal eventual, para o posto de Colaboradora/or Asesora/or do Gabinete da Alcaldía.

